

26

Taxa pola prestación do
servizo municipal de
subministración ou
abastecemento de auga.

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL
DE SUBMINISTRACIÓN OU ABASTECIMENTO DE AUGA.****ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), o Concello de Mos establece a taxa por subministración de auga potable á que se refire os apartados letra f) do número 4 do artigo 20 do citado RDL 2/2004, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a recepción dos servizos, que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Mos:

- a) Subministración ou abastecemento de auga potable.
- b) A realización ou execución de obras, a competencia das cales estea atribuída (con carácter exclusivo) ao Concello de Mos.
- c) En xeral, calquera outro servizo que sexa obxecto da presente Ordenanza e, sendo competencia da entidade local, teña carácter obrigatorio en virtude da disposición legal ou regulamentaria.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

1.—É suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados, que forman parte do feito imponible deste tributo.

2.—Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas, consideradas para estes efectos segundo o disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE

A base imponible do tributo determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo contribuínte, e obterase mediante diferenza da lectura dos aforos rexistrados -no respectivo contador de medida- durante dous períodos impositivos consecutivos.

ARTIGO 5. TARIFAS**TARIFA I. Cota abono.**

Usos domésticos:	3,62 euros.
Usos non domésticos:	3,62 euros.

**TARIFA II.—PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS
DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS**

Na percepción da taxa seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

A) Uso doméstico: m³

De 0 a 30 m ³	0,47 €
Exceso de 30 ata 50	0,51 €
Exceso de 50 ata 70	0,72 €
Exceso de 70 ata 100	0,75 €
Exceso de 100 ata 200	1,11 €
Exceso de 200 m ³	1,32 €

B) Uso comercial, industrial e obra e outros: m³

De 0 a 30 m ³	1,05 €
Exceso de 30 ata 50	1,53 €
Exceso de 50 ata 70	1,58 €
Exceso de 70 ata 200	1,92 €
Exceso de 200 ata 500	1,98 €
Exceso de 500 m ³	2,09 €

TARIFA III. PREZOS POR CONTADORES

Ud. contador 13 mm	56,12 €
Ud. contador 15 mm	61,99 €
Ud. contador 20 mm	75,49 €
Ud. contador 25 mm	20,10 €
Ud. contador 30 mm	167,56 €
Ud. contador 40 mm	259,62 €
Ud. contador 50 mm	648,45 €
Ud. contador 65 mm	680,36 €
Ud. contador 80 mm	848,31 €
Ud. contador 100 mm	1.054,37 €
Ud. contador 150 mm	1.511,96 €
Ud. contador combinado 30-13	707,72 €
Ud. contador combinado 40-13	892,18 €
Ud. contador combinado 50-15	1.152,81 €
Ud. contador combinado 65-20	1.423,48 €
Ud. contador combinado 80-25	1.875,51 €
Ud. contador combinado 100-25 ...	2.464,08 €

Para a confección da liquidación tributaria, en aplicación das tarifas establecidas no epígrafes II precedente, teranse en conta as seguintes normas:

— *Consumo mínimo.*

O consumo mínimo que se lles deberá facturara ós usuarios non poderá ser inferior a 10 m³/mes.

— *Forma do cálculo do consumo.*

Como norma xeral a determinación do consumo que realice cada usuario concretarase mediante diferenza entre a lectura do contador de medida de dous períodos consecutivos de facturación.

— *Conexión obrigatoria ás redes de subministración.*

As vivendas, industrias e locais comerciais que se atopen situados a menos de 100m. Das redes de subministración de auga deberán conectar obrigatoriedade a cada unha delas, previa a solicitude correspondente. Esta obrigatoriedade subsistirá, limitándose a un servizo, no suposto de que sexa unha única rede (subministración ou saneamento) a que se atope dentro do límite máximo de 100m., ó que anteriormente se fixo referencia.

TARIFA IV.—AUTORIZACIÓNS DE CONEXIÓNS Á REDE.

1. Usos domésticos:	266,30 €
2. Usos industriais e comerciais e obras:	523,77 €

A totalidade das tarifas, previstas no presente artigo, non inclúen a cota tributaria, que resulte de aplicación á operación, en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).

**ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA**

A fixación ou determinación da cota tributaria deducirase a través da aplicación das seguintes regras:

- a) Prestación de servizos incluídos no epígrafe II do artigo 5. A cota tributaria será resultado de aplicar á base impositiva a correspondente tarifa.
- b) En todos os demais supostos, que dean orixe a exacción da taxa, a cota tributaria será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 5 da presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 7. DEVENGO

Devengarase a taxa e, en consecuencia, nace a obrigaçión de contribuír, como norma xeral, no momento de solicitar a prestación do servizo ou cando se inicie a prestación, se ben en este caso poderá esixirse un depósito previo do seu importe total ou parcial.

ARTIGO 8. PERÍODO IMPOSITIVO

O período impositivo coincidirá co bimestre natural e a el referiranse as cotas tributarias dos servizos cunha prestación que orixine unha liquidación de carácter variable (consumo de abastecemento).

ARTIGO 9. NORMAS DE XESTIÓN

A xestión, liquidación e recadación da taxa realizarase conforme a Lei Xeral Tributaria e restante normativa tributaria de aplicación.

ARTIGO 10. COBRO DA TAXA

1. Procederase a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no transcurso do período impositivo. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 60 días.

2. O período voluntario de cobranza estenderase durante o prazo dos primeiros 15 días do bimestre natural seguinte á de lectura e comprobación de consumos.

3. No caso de optarse por unha xestión indirecta do servizo poderá ser a concesionaria a que leve a cabo a lectura e cobro da taxa.

4. O Concello poderá implantar a lectura anual dos contadores, por necesidades do servizo, mediante acordo da Comisión do Goberno. As liquidacións ou facturacións das diferenzas resultantes sobre os mínimos previstos na Ordenanza, ou das facturacións medias de consumos anteriores, efectuaranse aos aboados correspondentes nos recibos dos tres bimestres seguintes á aprobación da implantación desta modalidade

ARTIGO 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Para a cualificación de infraccións tributarias e as sanción que en cada caso procedan, estarase ao previsto na vixente Lei Xeral Tributaria.

Estabelecese unha sanción de 500,00 € por realizar conexións ilegais á rede de abastecemento de auga. Dita sanción será independente do pago da taxa de conexión a rede de abastecemento e da abriga de repoñer o Concello os gastos íntegros que supuxera a reparación da rede xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada inicialmente polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o día 28 de marzo de 2012, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Mos, a 05 de xullo de 2012. —A Alcaldesa, Nidia M^a. Arévalo Gómez.

2012006902